

CALENDARIO ACTIVIDADES TEMPORADA 2012

BIBLIOTECA ÁGORA

bagora@coruna.es

- | | |
|--|-------------------------|
| 1. Expedición De Profundis | MÉRCORES 1 DE FEBREIRO |
| 2. Expedición Intruder | MÉRCORES 8 DE FEBREIRO |
| 3. Expedición ao ultraMA(r)DARIAGA (Saída) | VENRES 10 DE FEBREIRO |
| 4. Expedición Bestifosiliario | MÉRCORES 22 DE FEBREIRO |
| 5. Expedición Malaspina | MÉRCORES 7 DE MARZO |
| 6. Expedición Calamardo (Saída) | SÁBADO 24 DE MARZO |
| 7. Expedición PRE-APARICIÓN | MÉRCORES 18 DE ABRIL |
| 8. DCR: Día da Ciencia na Rúa | SÁBADO 5 DE MAIO |

BIBLIOTECA FORUM METROPOLITANO

bforum@coruna.es

- | |
|-----------------------|
| XOVES 12 DE XANEIRO |
| XOVES 26 DE XANEIRO |
| VENRES 10 DE FEBREIRO |
| XOVES 23 DE FEBREIRO |
| XOVES 8 DE MARZO |
| SÁBADO 24 DE MARZO |
| XOVES 19 DE ABRIL |
| SÁBADO 5 DE MAIO |

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

binfantil@coruna.es

- | |
|-----------------------|
| SÁBADO 14 DE XANEIRO |
| SÁBADO 28 DE XANEIRO |
| VENRES 10 DE FEBREIRO |
| SÁBADO 25 DE FEBREIRO |
| SÁBADO 10 DE MARZO |
| SÁBADO 24 DE MARZO |
| SÁBADO 21 DE ABRIL |
| SÁBADO 5 DE MAIO |

Nas Bibliotecas Ágora e Fórum Metropolitano todas as sesións serán ás 18:30h, e na Biblioteca Infantil e Xuvenil ás 17:30h. Todas as saídas terán un horario especial, que comunicaremos con antelación.



2012

Paleontoloxía
vs. criptozooloxía

BIBLIOTECA MUNICIPAL
INFANTIL E XUVENIL

Rúa Durán Loriga, 10, Baixo
15003 - A Coruña
Tlf. 981 184 388

BIBLIOTECA MUNICIPAL
FORUM METROPOLITANO

Rúa Río Monelos, 1
15006 - A Coruña
Tlf. 981 184 298

BIBLIOTECA
MUNICIPAL ÁGORA

Rúa Ágora, s/n
15010 - A Coruña
Tlf. 981 189 886

CCI
CLUB DE CIENCIA
E INVESTIGACIÓN
<https://ccibiblio.wordpress.com/>

CCI

CLUB DE CIENCIA
E INVESTIGACIÓN

<https://ccibiblio.wordpress.com/>

Paleontoloxía
vs. criptozooloxía

2012



Bibliotecas
Municipais
da Coruña

CCI

CLUB DE CIENCIA
E INVESTIGACIÓN

<https://ccibiblio.wordpress.com/>

O Club de Ciencia e Investigación (CCI) precisa da túa axuda para percorrer liñas do tempo e descubrir animais que habitaron a terra e a imaxinación...

Se tes entre 9 e 13 anos e ganas de pasalo ben, podes ser o investigador ideal para acompañarnos nesta trepidante aventura, na que a través de 7 apaixonantes expedicións descubriremos cales foron reais e cales non

Solicita información na Biblioteca Municipal Ágora, Fórum e Infantil e Xuvenil. Corre, que o tempo pasa!

1. Expedición De Profundis

Chámome Cook, James Cook e esta é a miña derradeira cruzada entre mares da realidade e a ficción. Se te queres converter nun auténtico investigador acompañame nesta expedición.

2. Expedición Intruder

Todos os recursos dos que dispoñamos son poucos para loitar contra o noso némesis, a Axencia Internacional de Espionaxe. Serán os webquest a chave para derrocar dunha vez por todas a esta organización ou, polo contrario, sucumbiremos ao abismo da nosa propia condición?.

3. Expedición ao ultraMA(r)DARIAGA (Saída)

ULTRAMARINOS FOMOS E ULTRAMARINOS SEREMOS. Se chegastes ata aquí, a sorte está do voso lado. Pero non vos despistedes porque os nosos espías seguen co seu plan de ataque: iluminannos, atácanos, apárvannos e cázannos. Non deixedes que iso pase e amosade todos os vosos coñecementos científicos.

4. Expedición Bestifosiliario

Fosilízate, fosilízao a través da era Mecanozoica. O teu fósil nunca te abandonaría. Non perdas a oportunidade de fosilizar calquera obxecto que caia nas túas mans.

5. Expedición Malaspina

Recentes descubrimentos fixéronnos partícipes da verdadeira misión levada a cabo pola maior expedición científica española do século XVIII. Un segredo que porá en xaque a todos os historiadores do noso país. Queres saber de primeira man cal é ese segredo?. Pois que non che dea Malaspina, apúntate e descúbrea connosco.

6. Expedición Calamardo (Saída)

Teslle medo á escuridade? Ou aos animais que poidan vivir nela?? Pois non te preocupes porque hoxe será o día en que eses misteriosos animais se deixarán ver á luz do día.

7. Expedición PRE-APARICIÓN

Para que todo saia ben na nosa aparición no Día da Ciencia na Rúa, que mellor que xuntarnos a salvo das miradas alleas dos espías que nos poidan interromper no noso camiño cara Santa Margarita.

8. DCR: Día da Ciencia na Rúa

CHEGOU O DÍA E CHEGOU A ROMARÍA.

Este é o noso gran día, imos demostrar o noso traballo de investigación diante de todo o mundo. Collede o voso equipo e imos demostrar o que vale un óso.

